

DATOS RELATIVOS AO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL

1. Censo electoral provisional.

Están incluídos no censo electoral provisional aqueles **deportistas** que cumpran as seguintes condicións:

- a) Ser **maior de idade** na data de celebración das votacións.
- b) Ter **licenza federativa en vigor** pola correspondente **federación deportiva estatal** na data de convocatoria das eleccións e a **tempada anterior** á da celebración das eleccións.
- c) Ter **participado** nas tempadas **2021 e 2022**, alomenos, nunha **competición deportiva oficial**. Este requisito non será esixido para o caso das persoas que ostenten a condición de xuíces e árbitros. No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.
- d) Nas modalidades ou especialidades deportivas en que a actividade deportiva **non ten carácter competitivo**, será suficiente con **ser maior de idade** na data de celebración das votacións e **ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva estatal** na data de convocatoria das eleccións e desde xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións.

Están incluídos no censo electoral provisional aqueles **clubs** que cumpran as seguintes condicións:

- a) Inscripción no **Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia**.
- b) Que nos seus estatutos figure a práctica da modalidade de **Baile Deportivo e de Competición** e estean **federados na Federación Galega de Baile Deportivo**.

2. Distribución do número de persoas membros da asemblea xeral.

O número de **membros** da asemblea xeral é de **20**. Corresponden aos estamento de **clubs** deportivos **10**, ao estamento de **deportistas** **4**, dos cales deportistas de alto nivel 2, ao estamento de **adestradores** **4** e ao estamento de **xuíces** **2**.

3. Data, lugar de celebración e horario das votacións.

Xornada electoral: **3 de setembro** de 2023 en horario de **10.00 a 14.00**.

Mesa 1: Club Arte e Movemento, Rúa Lugo, nº3, 1º andar, 15270 Cee, A Coruña.

Mesa 2: Club Pasos, Centro Comercial Plaza Elíptica, Planta superior, 36203 Vigo, Pontevedra.

4. Modelos oficiais de sobres e papeletas.

Publicados como anexo do regulamento.

5. Composición nominal da xunta electoral e dirección electrónica da xunta electoral.

Membros: Mélani Lois Barcia, Ainhoa González Baña, Magdalena Blandina Rodríguez.

Dirección electrónica: elecciones.fgbd@gmail.com